

O aire

O aire é necesario

O aire está formado por gases, un deles é o **osíxeno**. As persoas, os animais e as plantas necesitamos osíxeno para vivir.



O aire móvese

O aire está en todas as partes. É invisible e non o podemos tocar. Cando o aire se move chámase **vento** e podemos sentilo no noso corpo.

O aire non ten forma

O aire adquire a forma do obxecto que o contén. Fíxate no flotador.

Neste flotador non hai aire.




Cando se enche de aire, este toma a forma do flotador.



Invento obxectos


- Inventa e debuxa un obxecto que se encha con aire.



1 Marca as características do aire.

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> O aire non se pode ver. | <input type="checkbox"/> O aire está en todas as partes. |
| <input type="checkbox"/> O aire non ten forma. | <input type="checkbox"/> O aire é unha mestura de gases. |
| <input type="checkbox"/> O aire pódese tocar. | <input type="checkbox"/> O aire non se move. |

2 Arrodea as cousas que se moven coa forza do vento.



3 Por que é importante o aire para os seres vivos? Razona.

4 **TEMPO PARA FALAR.**



Estas botellas teñen aire no seu interior?
Por que o sabes? Explicallo ao teu
compañeiro ou á túa compañeira.



O aire é unha mestura de osíxeno e outros gases. O aire é invisible e non ten forma. O vento é aire en movemento.

